

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

CATEGORÍA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO

(Inclusión por omisión dun aspirante na lista provisional
aprobada en data 4/09/18)

DECRETO DA ALCALDÍA:

Vistas Bases Xerais de selección de funcionario interino e persoal laboral temporal no Concello de Ponteareas, aprobadas mediante Decreto 2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO Nº 193 de data 5 de outubro de 2018.

Vistas Bases específicas para a selección de funcionarios interinos e persoal laboral temporal no Concello de Ponteareas na categoría de auxiliar administrativo/a, aprobadas mediante Decreto 2018-1116 de data 3 de maio de 2018, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Nº 97 de data 22 de maio de 2018, e corrixidas posteriormente mediante Decreto nº 2018-1353 de data 23 de maio de 2018.

Visto que con data 4 de setembro de 2018 se aproba mediante Decreto nº 2018-2301 a lista provisional de admitidos e excluídos na categoría de auxiliar administrativo e visto que o aspirante Alberto Garrido Fernández non aparece incluído na lista provisional de admitidos e excluídos habendo presentado a súa solicitude en forma e prazo.

Visto que de acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

RESOLVO:

Primeiro.- Incluir a Alberto Garrido Fernández como excluído na Lista provisional de admitidos e excluídos para a selección de funcionarios interinos e persoal laboral temporal no Concello de Ponteareas na categoría de auxiliar administrativo/a, por non haber presentado a solicitude (Anexo I) debidamente cumprimentada e asinada.

Segundo.- Conceder, exclusivamente, a Alberto Garrido Fernández un prazo de 10 días, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.ponteareas.gal no apartado oferta de emprego público, para emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista.

Terceiro: De non presentarse reclamacións nin alegacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez